

DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS FAMILIAS DOS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DE TEMPO DE TROULA SETEMBRO 2020

D/Dª _____ con nº de DNI/NIE _____, pai/ nai/ titor-a de
D/Dª _____ con nº de DNI/NIE _____, participante menor de
idade do proxecto Tempo de Troula, organizado pola Asociación Xuvenil Amencer dende o 10 ao 30 de setembro de 2020.

Declaro baixo a miña responsabilidade que solicito que a persoa cuxos datos figuran no encabezado participe nas actividades que organiza a Asociación Xuvenil Amencer, para o que lín con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas Medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias incluídas no Protocolo de actuación con motivo do COVID-19 publicado pola entidade e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por COVID-19

(Márquese no que proceda)

Con carácter previo á realización da actividade Tempo de Troula de Setembro, declaro que o participante cumpre os requisitos de saúde seguintes:

- Presenta ausencia de enfermidade e sintomatoloxía compatible coa Covid-19 (febre, tose seca, dificultade respiratoria, diarrea...) ou con calquera outro cadro infeccioso, nas últimas 2 semanas anteriores á realización da actividade, non sendo grupo de risco (patoloxías cardíacas ou respiratorias,...)
- Non conviviu ou non tivo contacto estreito cunha persoa positiva de Covid-19 confirmada ou cunha persoa que tivo sintomatoloxía compatible nas últimas 3 semanas anteriores á realización da actividade.
- Declaro que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco (maiores de 70 anos, patoloxías cardíacas ou respiratorias,...) , ou que, no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade

Durante os días de realización da actividade declaro que:

- Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde do participante e, no seu caso, a causa de ausencia á actividade , así como da aparición de calquera caso de Covid-19 na súa contorna familiar (chamando ou enviando un whastapp ao 627963883 indicando "Información médica+ Nome e apelidos do participante")

Declaración de ler e aceptar os documentos proporcionados pola organización sobre a adaptación da actividade ao COVID-19 (enviados por correo electrónico e publicados na páxina web www.amencer.org)

- Declaro que recibín e acepto os compromisos contidos no Documento de Medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias incluídas no Protocolo de actuación con motivo do COVID-19 publicado pola entidade
- Declaro que recibín e lín o Protocolo de adecuación da actividade ao COVID-19 da Asociación Xuvenil Amencer e que por tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Consentimento informado sobre COVID-19

- Declaro que, tras recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para el mesmo e para as persoas que conviven con el, a participación do interesado na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade as continxencias que poidan ocasionarse en relación á pandemia durante a actividade.

En, a..... de....de 2020.

Sinatura